CA1.2 - Usar de forma guiada estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes de textos moi elementais: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico.			
CA1.3 - Comprender descrições, narracións, instrucións moi elementais formuladas a través de diversos soportes de xeito moi simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas moi básicos previamente traballados, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito cun ritmo moi pausado e articulando moi claramente.		Baleiro	0
CA1.5 - Redactar textos curtos e moi elementais a partir de modelos moi sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.			

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Aplicar de forma guiada coñecementos estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Uso das estratexias básicas para a comprensión e a produción de textos orais, escritos e multimodais moi breves, elementais e contextualizados.</li> <li>- Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións moi elementais da vida cotiá (identificar unha persoa, transmitir unha listaxe de ítems do léxico aprendido).</li> <li>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saúdos básicos habituais, despedidas e presentacións; identificar características moi elementais de persoas, obxectos e lugares; preguntar e dar respostas concretas sobre cuestións moi básicas cotiás; expresar a cantidade, situar no espazo e secuenciar o presente (horarios e momentos do día).</li> <li>- Funcións comunicativas elementais: iniciación e mantemento de relacións sociais.</li> <li>- Uso de modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos (felicitacións, notas, listaxes ou avisos).</li> <li>- Utilización de unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade (persoas e obxectos) e as súas propiedades (existencia, inexistencia), cantidade e número, e formas elementais de afirmación, exclamación, negación e interrogación.</li> <li>- Utilización de unidades lingüísticas elementais: expresión da identidade, a existencia e o número.</li> <li>- Utilización de léxico elemental e de interese para o alumnado relativo a relacións interpersoais elementais e próximas, vivenda e fogar, lugares e contornas próximas.</li> <li>- Utilización do léxico elemental do material escolar</li> <li>- Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.</li> <li>- Utilización e recoñecemento de patróns sonoros das vogais e o ritmo das frases</li> <li>- Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas elementais: uso das normas elementais de ortografía da palabra, uso adecuado da ortografía da oración (coma, punto e coma), identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.</li> <li>- Utilización de convencións e estratexias conversacionais moi elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra etc.</li> <li>- Utilización de convencións sociais moi elementais relativas á iniciación a ao mantemento de relacións sociais.</li> <li>- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura guiada e selección de información como dicionarios, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos).</li> <li>- Uso de recursos para a aprendizaxe de procura e selección de información: dicionarios en liña e en papel, cartelería de aula.</li> <li>- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.</li> </ul>

## Contidos

- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa.
- Utilización de ferramentas dixitais para a produción oral e a súa difusión por medios telemáticos: vídeo e entrega das tarefas online.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

- A metodoloxía aplicada nas clases de segunda lingua estranxeira, guíaranse polos seguintes puntos:
  - Activa e participativa, favorecendo tanto o traballo individual do alumnado como o cooperativo, fomentando o traballo autónomo e a autoavaliación, de cara a procurar os progresos.
  - Aprendizaxe significativa, de modo que as novas adquisicións do estudante enlacen cos coñecementos previos, tanto do seu repertorio lingüístico como do mundo, para dar lugar a reestruturacións mentais cada vez máis inclusivas, amplas e ricas.
  - Aprendizaxe funcional, segundo o cal as actividades de ensino-aprendizaxe parten de situacións reais, académicas e sociais, e retornan a elas en formas diversas de aplicación científica, técnica, social, etcétera.
  - Recursos didácticos diversos e fontes de información variadas, coa intención de chegar ás preferencias, gustos e habilidades dun maior número de alumnado, e ofrecer unha visión o máis ampla posible das culturas que vehicula a lingua estranxeira.
  - Aprendizaxe lúdica. Na medida do posible as actividades levadas a cabo terán unha compoñente lúdica, de cara a crear un clima de traballo positivo, favorecendo que o alumnado demande máis traballo-xogo e, en consecuencia, a aprendizaxe progrese cun ritmo e profundidade maior.
  - Métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan a aprendizaxe en equipo.
  - Emprego do francés como lingua vehicular na maior parte dos contextos posibles, tanto nas interaccións orais como nas escritas, favorecendo que o alumnado tamén a empregue para dirixirse ao profesorado, mais tamén aos seus iguais.
  - Reflexión sobre o funcionamento da lingua, encamiñándoa a que o alumnado poida utilizar os coñecementos adquiridos sobre o novo sistema lingüístico como instrumento de control e autocorrección das producións propias e como recurso para comprender mellor as alleas.
  - Tratarase o erro como un elemento necesario no proceso de aprendizaxe, evidenciando que calquera falante e aprendiz dunha lingua estranxeira os comete. Levaranse a cabo correccións conxuntas e sistemáticas das producións realizadas no grupo ou producións alleas, mostrando que a detección de erros contribúe a evitar os propios. Valorarase positivamente a expresión, mesmo con erros ou recurso a outras linguais, fronte á non expresión (silencio).
  - Coa finalidade de promover a comprensión lectora adicarase un tempo á lectura, así como actividades directamente ligadas ao fomento da lectura e á adquisición da competencia lingüística na súa vertente escrita ( banda deseñada, actividades de escritura e lectura en redes sociais, lecturas recomendadas, etc.). Estas actividades, e outras que poidan xurdir, incluíranse no plan lector do centro.
  - Recursos dixitais: Farase un uso puntual da aula virtual, presentando material explicativo, tarefas a realizar, probas, etc. Propóranse proxectos que requiran documentarse ou apoiarse en ferramentas dixitais para a súa exposición, contribuíndo así á adquisición da competencia dixital, entre outras.
- A materia contribúe á competencia plurilingüe ofrecendo oportunidades para interactuar en situacións

comunicativas e para reflexionar sobre a linguaxe en xeral a través da comparación entre as distintas linguas que se están a aprender (TIL - Tratamento Integrado das Linguas). O recoñecemento e a aprendizaxe progresiva das regras de funcionamento do sistema interno da lingua estranxeira, a partir das linguas que se coñecen, mellorará a adquisición desta competencia.

- De ser o caso, contar coa asignación dunha persoa auxiliar de conversa sería un elemento clave para acercar a realidade cultural e lingüística francófona ao noso alumnado e para facilitar a expresión oral. Achegaría a cultura dos países francófonos, reforzando a compoñente de multiculturalidade.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Manuais de texto
Material de elaboración propia
Aula virtual
Páxinas web vinculadas ao FLE
Dicionarios en liña
Recursos dixitais, conxugadores, tradutores.
Xogos de elaboración propia.
Xogos comerciais aplicables á materia
Cartelería

Os materiais empregados serán o libro do alumno así como o caderno de exercicios de Vas-y 1, da editorial Edebé. Completaranse estes materiais co uso puntual de fichas para reforzo ou ampliación. Farase uso de páxinas web vinculadas ao FLE como fonte de práctica (exercicios en liña, de lectura e información) Así mesmo, utilizaranse de xeito puntual xogos tanto de elaboración propia como xogos comerciais que fomenten a práctica da lingua, tanto a comprensión como a expresión oral e escrita.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

No que respecta a 1º da ESO como é o primer curso que o alumnado en xeral comeza a súa aprendizaxe do francés segunda lingua estranxeira farase o primer día de clase unha sondaxe para determinar os alumnos que xa tiveron en primaria a materia de iniciación o francés e os que nunca a tiveron.

Nas seguintes sesións(unha o dúas ) farase unha avaliación por grupos creados aleatoriamente dos coñecementos previos que o alumnado poida ter sobre Francia e a Lingua Francesa. Estas mesmas sesións servirán para observar o nivel de competencia lingüística do alumnado na propia lingua materna así coma a súa actitude, o seu interese, o seu grao de atención e concentración.

En función dos resultados obtidos nestas primeiras sesións de contacto e ademais do coñecemento do historial académico do alumnado de 1º da ESO tomaránse decisións sobre as medidas a adoptar como reforzos na aula, adaptacións curriculares ou exencións a segunda lingua estranxeira.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	80	80	80	80	80	80	<b>80</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	20	20	20	20	20	20	<b>20</b>

### Criterios de cualificación:

- Dado que os contidos son progresivos e reutilízanse dunha avaliación para outra, a avaliación é continua, progresiva e sumativa.

- Levaranse a cabo probas e tarefas de orde diverso que permitan avaliar o grao de adquisición dos diferentes obxectivos e contidos nas cinco destrezas.

- Entre as probas, proporanse probas escritas de comprensión e expresión, tanto oral como escrita, probas de adquisición de léxico e conxugación, probas de pronuncia, etc. Entre as tarefas proporase a realización e exposición de traballos monográficos nos que valoraranse diversos aspectos dependentes da unidade didáctica na que se encaixen que serán previamente definidos e comunicados ó alumnado.

- A cualificación trimestral conformarase coa seguinte ponderación :

1. COMPRENSIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1+CA1.2) : 20%

Instrumentos de avaliación : Probas escritas para a Comprensión Escrita (10%) como para a Comprensión Oral (10%).

2. PRODUCCIÓN ORAL (CA 1.3+ CA 1.9) : 10%

Instrumentos de avaliación : Rúbricas/guía de corrección.

3. PRODUCCIÓN ESCRITA (CA 1.4+CA1.5+CA 1.8) : 60%

Instrumentos de avaliación :

- Haberá unha proba escrita segundo os modelos de tipoloxía textual vistos na aula que terá un peso do 10%.

- Haberá ademais unha proba escrita que valorará a competencia na lingua escrita que téñen o alumnado, utilizando tanto o léxico como as estruturas gramaticais aprendidas na aula. Esta proba terá un peso do 50%.

A mediación, o plurilingüismo, a reflexión sobre a aprendizaxe e a interculturalidade están presentes en todos os criterios anteriormente citados.

4. Observación directa na aula e traballo persoal na casa [ CA 1.6+CA 1.7 (interacción) +CA 2.1+CA 2.2+ CA 2.3 (plurilingüismo e reflexión sobre a aprendizaxe)+CA 3.1+CA 3.2+CA 3.3 (interculturalidade)]

Peso : 10%

Nota final trimestral :

Os diferentes instrumentos de avaliación darán unha nota final ao remate de cada trimestre. En cada un destes trimestres realizaremos unha proba escrita, como mínimo, de cada un dos bloques: comprensión de textos orais e escritos, expresión escrita, expresión oral e os coñecementos da lingua vistos ó longo de cada trimestre.

Ademais das probas, o profesor poderá utilizar como instrumento de avaliación os traballos e os proxectos realizados en parellas ou en grupo, o seguimento diario das tarefas realizadas na aula, as redaccións, textos e outros traballos entregados nos prazos fixados etc.

A cualificación formularase de 1 a 10. No caso de haber décimas redondearase a partir de 0,75. A cualificación mínima para aprobar será un 5.

Superación final da materia :

O alumnado que supere o terceiro trimestre terá superada a materia. A nota obtida na terceira avaliación parcial será a mesma que a da avaliación final. Durante o curso a avaliación realizarase de xeito continuo. Dado que o francés como segunda lingua estranxeira é unha materia de contidos progresivos (é dicir non se pode avanzar sen facer referencias constantes ós coñecementos anteriores) o alumnado poderá recuperar os contidos que non foron acadados nun momento dado ao superar as seguintes probas.

O alumnado que superou a materia na terceira avaliación poderá subir a nota final correspondente as competencias

traballadas no caso de ter unha avaliación positiva nas actividades/tarefas ou proxectos propostos para dito fin.

### **Criterios de recuperación:**

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, unha cualificación negativa no primeiro trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual o superior a 5 nos seguintes trimestres, sen necesidade de repetir probas.

Logo das tres avaliacións trimestrais, o alumnado que non obteña unha cualificación positiva cun mínimo dun 5 terá a oportunidade de recuperar a materia o algunha parte da materia antes das datas establecidas polo noso centro para a terceira avaliación parcial e a sesión da avaliación final que coincidirán no tempo.

Neste sentido o Departamento tendo en conta a diversidade do alumnado daralle a posibilidade de recuperar a materia o algunha parte dela a través de actividades de recuperación similares ás que se propoñerán nunha Proba Final de recuperación da materia (proba de Comprensión escrita e oral e proba de produción escrita e oral ) e polo tanto conducente a superación da mesma.

Seguiranse as mesmas porcentaxes que veñen sinaladas no apartado anterior tendo en conta que as actividades de recuperación centraranse nos bloques non superados mantendo aqueles que sí o están.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Este apartado no procede neste curso

### **6. Medidas de atención á diversidade**

Enténdese atención á diversidade como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

En consonancia coas medidas que a lexislación prevé, o departamento de francés, en colaboración co equipo directivo, o profesorado titor e os servizos de orientación levarán a cabo estas medidas:

- a) A colaboración co profesorado titor e coa xefatura do Departamento de Orientación na planificación e no desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e de aprendizaxe.
- b) A utilización de estratexias metodolóxicas promotoras da inclusión, da solidariedade, do traballo en equipo, do respecto á diferenza e da convivencia de todo o alumnado, informando ao profesorado titor sobre o desenvolvemento

persoal, social e educativo do alumnado que atende.

c) A consideración dos principios do deseño universal de aprendizaxe na atención educativa.

d) A participación nas estratexias de coordinación entre o equipo docente, baixo a dirección do profesorado titor.

As medidas de atención á diversidade (MAD) deben ter un carácter preventivo e compensador. A primeira delas será a avaliación inicial, que constitúe un factor preventivo por excelencia na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Esa avaliación ten como principais finalidades adaptar as ensinanzas á alumna ou ao alumno e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe. Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan.

Segundo o perfil do alumnado, a atención á diversidade concretarase coas seguintes medidas:

a) O alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.

Porase en marcha un plan específico personalizado co fin de adaptar as condicións curriculares ás necesidades do alumnado, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaboraráo o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

O plan específico personalizado incluírá a identificación da alumna ou do alumno, a relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso, as medidas ordinarias aplicadas no curso anterior, as estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento, os recursos necesarios para o desenvolvemento do plan e, de ser o caso, a oferta de medidas extraordinarias.

As familias serán informadas deste plan, podendo acreditálo.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

b) O alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Por tratarse dunha segunda lingua estranxeira, é altamente probable que o alumnado cun retraso madurativo, con trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación fose proposto para unha exención nos dous primeiros cursos da ESO. Porén, é probable atopármolos con alumnado con trastornos de atención ou de aprendizaxe (TDAH, TDA, TEA, DEA etc.).

- Adoptarase un traballo en espiral, retomando o contido non adquirido inicialmente nun momento posterior de traballo, favorecendo así que o alumnado con trastornos de atención ou de aprendizaxe acade os obxectivos por abordar os contidos reiteradamente.

- Os materiais, instrumentos de avaliación e tempos de execución adaptaranse: tipo e tamaño das fontes, cores, espaciado, distribución no papel, material audiovisual complementario, etc.

- Sempre que sexa posible, levaranse a cabo actividades con material manipulativo, con soporte audiovisual e dixital.

- Este alumnado situarase estratéxicamente na aula, co fin de poder supervisar facilmente os seus progresos e minimizar as súas fontes de dispersión.

c) O alumnado con necesidades educativas especiais.

Na medida en que este alumnado, que afronta barreiras que limitan o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conducta, da comunicación e da linguaxe, escollen cursar esta segunda lingua estranxeira, poranse en marcha apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

- A lexistación prevé que as Administracións educativas doten este alumnado do apoio preciso desde o momento da súa escolarización ou da detección da súa necesidade, polo que, de ser o caso, sempre que faciliten, estes recursos poranse á disposición do alumnado.

- Impartiranse as clases de maneira que o alumnado con algunha discapacidade física poida acceder aos materiais, explicacións, tarefas, instrumentos de avaliación de xeito normalizado, sen que a súa discapacidade supoña un impedimento. (Ex. material visual e tarefas escritas para o alumnado con problemas de audición, material manipulativo e sonoro para o alumnado con problemas de visión, naturalmente co apoio da Fundación Once, material adaptado dixitalmente para o alumnado con problemas motrices e dificultades para a escrita, etc.)

- Implicarase o alumnado con necesidades derivadas de trastornos graves da comunicación e da linguaxe nas

mesmas tarefas que o resto do grupo aínda que con distintos niveis de apoio e esixencia, favorecendo así a súa integración no grupo.

- Proporase o intercambio de saberes cos iguais mediante traballo cooperativo e organizado.

d) O alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural

Cando se presenten desigualdades derivadas de factores sociais e familiares, de violencia de xénero, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e os propios centros docentes deberán asegurar a eliminación das barreiras, evitando a segregación deste alumnado no propio centro docente.

- De ser preciso, proporcionaráselle, nalgúns casos en calidade de préstamo, o material, funxible ou non, que requira para seguir con normalidade o discorrer das clases (ex. libros de texto, material funxible, fotocopias a custe cero, dispositivos e mesmo conexión a Internet).

- De ser preciso, ofrecerásenlle explicacións e material adicional que poidan contribuír a reducir ou facer desaparecer as desigualdades en orixe.

- De ser preciso, xestionarase a participación deste alumnado nas actividades complementarias e extraescolares que o Departamento organice.

- Na medida do posible, porase en valor transversalmente a orixe xeográfica, étnica ou cultural deste alumnado.

- Na medida do posible, evidenciaranse transversalmente os aspectos en común entre este alumnado e o resto do grupo de referencia (ex. idade, lugar de residencia, gustos musicais, etc.), favorecendo a integración e cohesión do grupo.

- Farase un seguimento estreito da asistencia, rendemento, hixiene, alimentación, etc. deste alumnado, informando rigurosamente ao profesorado tutor.

e) O alumnado con altas capacidades intelectuais.

Este alumnado caracterízase por un potencial elevado nalgunha ou nalgunhas áreas do desempeño humano, en comparación cun grupo de referencia. Adoita ter un alto nivel de creatividade e persistencia nas tarefas de alta complexidade intelectual ligadas ás súas áreas de interese. Cómpre, por tanto, identificalas.

- Adaptaranse as explicacións e os materiais, aportando complexidade e profundidade na medida en que sexan adquiridos.

- Proporanse actividades similares ás do grupo de referencia, aínda que cun grao de complexidade ou extensión superior, atendendo as demandas de carácter máis profundo do alumnado con niveis de partida máis avanzados ou cun interese maior sobre o tema estudado, evitando así a desmotivación.

- Evitaranse as tarefas repetitivas, que adoitan incidir negativamente no nivel de motivación, promovendo as que medren en complexidade e sexan variadas en temática e soporte.

- Na medida do posible, integranse as áreas de interese deste alumnado na temática dos materiais e proxectos.

- Proporase o intercambio de saberes cos iguais mediante traballo cooperativo e organizado.

- Proporáselle tarefas de ampliación que apelen á creatividade.

f) O alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo.

Este alumnado adoita presentar dificultades para acadar os obxectivos e as competencias que lle corresponderían pola súa idade. Esas dificultades maniféstanse, especialmente, no descoñecemento dalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou no desfasamento curricular.

É moi posible que este alumnado xa fose proposto para unha exención da segunda lingua estranxeira nos dous primeiros cursos da ESO. De non ser así, e seguir cursando a materia en 3º ESO, pode ser necesario aplicar algunha das MAD relacionadas a continuación:

- Adaptar os materiais e as explicacións, aportando máis das usuais para así paliar as carencias que poidan existir e reducir as distancias co grupo de referencia.

- Sempre que sexa posible, levar a cabo actividades con material manipulativo, con soporte audiovisual e dixital.

- Situar estratéxicamente este alumnado na aula, co fin de poder supervisar facilmente os seus progresos e procurarlle certo apoio dos iguais.

- Adoptar un traballo en espiral, retomando o contido non adquirido inicialmente en momentos posteriores.



## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Igualdade de xénero e coeducación	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Aprendizaxe reflexiva, significativa e competencial personalizada	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para o desenvolvemento sostible			X	X		
ET.4 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Comunicación audiovisual		X		X		X
ET.7 - Competencia dixital						X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Cine en francés	Organízase unha saída ao cine durante o curso en VOSF		X	
La Chandeleur	Coincidindo coa Chandeleur, unha food truck de crêpes podería visitar o centro para realizar unha actividade interactiva co alumnado		X	
Actividades, exposicións, certames ou actos culturais	O Departamento de Francés está disposto a organizar a asistencia do alumnado a todo tipo de actividades, exposicións, certames ou actos culturais que poidan ter relación co estudo da lingua estranxeira e que teñan lugar durante o curso académico.			X
Xogos, exposicións, actividades e concursos	O Departamento manterase atento ás distintas convocatorias de xogos, exposicións, actividades e concursos promocionados por distintos organismos para a promoción das linguas estranxeiras.			X
Semaine de la francophonie	Segundo o calendario oficial, celebrarase a semana da francofonía propoñendo actividades diversas vinculadas ao francés: visionado de películas ou curtas, degustación de produtos de países francófonos, videoconferencias con falantes nativos en lugares diversos, xogos, etc.		X	

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

<b>Indicadores de logro</b>
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, proxectos, etc.
<b>Metodoloxía empregada</b>
Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.
Adecuación do manual elixido (libro, cahier e manual dixital )
<b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>
Resultados de avaliación.
<b>Outros</b>
Grao de desenvolvemento das actividades complementarias previstas.

### Descrición:

a) Balance global: Ao final de cada avaliación e, especialmente, na avaliación final, farase un balance global dos resultados obtidos no proceso educativo, o grado de cumprimento dos obxectivos, as necesidades e carencias, os erros e acertos e, en definitiva, unha valoración completa da propia avaliación e da programación.

b) Autoavaliación: Tamén se pretende fomentar a reflexión no alumnado sobre a súa aprendizaxe. Neste sentido, é preciso recoller información sobre:

- percepción da súa progresión.
- tempo adicado á aprendizaxe da materia.
- estratexias empregadas na aprendizaxe da materia.

c) Revisión e melloras: O Departamento levará de maneira conxunta e consensuada unha reflexión das medidas de mellora a implantar de cara ao vindeiro curso que serán reflectidas na Memoria Final do Departamento.

Os mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica son de dous tipos:

1. Unha avaliación de progreso:

a) Comprobarase como se produce realmente o axuste de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, procedementos e actividades á realidade do alumnado, ás súas necesidades e características e á realidade das posibilidades educativas do centro.

b) Valorarase tal axuste nas reunións do Departamento de Francés e nas avaliacións e, no caso de resultar pouco axeitado, modificarase durante o transcurso do ano académico.

2. Unha avaliación final:

a) Prestarase moita atención á porcentaxe de alumnado que, na súa avaliación final, non aprobe a materia Segunda Língua Estranxeira: Francés en cada curso.

b) Os erros detectados recolleranse na memoria final de curso como propostas de mellora para a elaboración da programación do vindeiro curso académico.

d) Memoria final: Para esta autoavaliación, cómpre elaborar unha Memoria final, que inclúa:

- Enumeración das actividades realizadas e o seu grado de eficacia e cumprimento.
- Unha síntese reflexiva sobre os logros conseguidos.
- As dificultades atopadas.
- Os factores que influíron nas dificultades.
- Os aspectos que será preciso modificar e mellorar.
- As propostas de innovación necesarias.
- As medidas de atención á diversidade utilizadas.
- Valoración da metodoloxía empregada.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

### REUNIÓNS DE DEPARTAMENTO

Cunha periodicidade mensual, o Departamento reunirse para, entre outros asuntos, facer o seguimento e as coordinacións oportunas para levar a cabo a aplicación da programación. Levantarase acta.

### PROENS

O profesorado fará o seguimento da programación a través da aplicación Proens. Como xa se fixo para a elaboración desta programación, en reunión de Departamento fixarase que docente se encargará de facer o seguimento na aplicación para cada nivel.

Na memoria de final de curso deixarase constancia de posibles desvíos sufridos entre a programación inicial e a súa aplicación final, facendo propostas de reaxustes.

## **9. Outros apartados**